



CONCELLO DE PARADELA

Avda. Cabaleiros de Santiago s/n – 27611 Paradelas (Lugo)
Telf.: 982 54 11 01/ 96 – Fax.: 982 54 12 32
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO DAS VIAXES Á PRAIA

ARTIGO 1º: FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co establecido no art. 105.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril e arts. 2.1.e, 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establécese o prezo público pola prestación do servizo de viaxes á praia no Concello de Paradelas, que rexerá pola presente ordenanza reguladora.

ARTIGO 2º: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible deste prezo a prestación do servizo de viaxes á praia no Concello de Paradelas.

ARTIGO 3º: SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos e obrigados o pago do prezo público as persoas que se beneficien do servizo.

ARTIGO 4º: OBRIGA DE CONTRIBUÍR

A obriga de contribuír nace dende que se inicie a utilización do servizo mediante a subida ao autobús contratado para a realización da viaxe.

ARTIGO 5º: CONTÍA

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será o resultado das tarifas seguintes:

Empadroados no Concello de Paradelas	Adultos e menores a partir de 14 anos	7,00 euros
	Menores de 14 anos	Exentos
Non empadroados no Concello de Paradelas	Adultos e menores a partir de 14 anos	12,00 euros
	Menores de 14 anos	6,00 euros

ARTIGO 6º: XESTIÓN DO COBRO

O pago do prezo público realizarase en efectivo.

A xustificación do pago levarase a cabo mediante recibo que se entregará á persoa que o realice.

A realización material da recadación do prezo público corresponde aos servizos sociais, servizo responsable da xestión do programa que xera o ingreso. Os servizos sociais deberán proceder ao ingreso do cobrado en cada viaxe nas entidades financeiras nas que ten aberta conta este Concello dentro dos tres días hábiles seguintes.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de data 25 de febreiro de 2010, entrará en vigor e será de aplicación a partir da súa publicación íntegra no BOP, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.